

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

2837 *Real decreto 371/2020, do 18 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de extraccións marítimas.*

O título VI da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, dedicado aos accidentes da navegación, regula no seu capítulo IV o réxime xurídico dos bens naufragados ou afundidos. Tras ocuparse na sección 1.^a dos dereitos de propiedade de tales bens, a sección 2.^a, que é a que agora se desenvolve, establece o réxime básico a que se deben suxeitar as extraccións marítimas.

A materia reviste especial importancia polas múltiples implicacións que posúe. Os buques e outros bens naufragados ou afundidos continúan sendo obxecto do dereito de propiedade e a extracción dos seus restos pode representar un beneficio económico. Pero, ademais, poden supoñer, en primeiro lugar, un obstáculo para a navegación, o tráfico portuario ou a pesca, ou representar un perigo de contaminación mariña, polo que dispón o artigo 369 da mencionada lei que as normas sobre remoción de tales buques serán, en todo caso, de aplicación preferente. Poden ser obxecto, igualmente, de salvamento se as tarefas para reflotalos ou extraelos se inician de inmediato, e en tal caso rexeranse polos seus preceptos propios. Pode ocorrer que os bens afundidos sexan de comercio prohibido ou restrinxido, suposto que tamén determinará a aplicación da súa lexislación específica. Pode tratarse de buques de Estado e, en particular, de guerra, españois ou extranxeiros, merecedores de especial protección polas circunstancias en que se perderon. Poden, en fin, os buques ou bens naufragados ou afundidos formar parte do patrimonio cultural, suposto que tamén determinará a aplicación da súa normativa específica.

Este real decreto, que se dita en virtude da habilitación conferida ao Goberno no punto 2 da disposición derradeira novena da Lei 14/2014, do 24 de xullo, ten por obxecto desenvolver o réxime das extraccións marítimas que nela se establece. O lexislador optou por manter a tradicional competencia da Armada para autorizar as operacións de exploración, rastrexo, localización e extracción dos buques e bens naufragados ou afundidos, recoñecendo a súa condición de axente especialmente cualificado polo seu coñecemento do contorno marítimo e por estar dotado dos medios adecuados (buques de vixilancia e centíficos, bases de datos cartográficas, arquivos, etc.) para garantir, xunto con outros axentes, a protección de tales restos.

Regúlanse con certo detalle as autorizacións para as operacións de exploración, rastrexo e localización de buques e bens naufragados ou afundidos, establecendo un réxime xeral no capítulo II, que quedaría desprazado cando existisen normas especiais aplicables, todo iso coa finalidade de facilitar as tarefas de inspección para tratar de evitar o espolio dos bens que forman parte do patrimonio cultural subacuático.

En cando ás operacións de extracción, a norma establece un réxime xeral para a autorización das operacións de extracción no capítulo III, sen prexuízo das especialidades que resultarán de aplicación cando o obxecto da extracción sexan bens cuxa propiedade prescribise a favor do Estado, que se tratan no capítulo IV. Nos casos de prescrición adquisitiva polo Estado, en que o artigo 380 da lei prevé que, cando ao Estado non lle conviñer a extracción ou aproveitamento directo, a Armada poderá concedela mediante concurso de acordo coa lexislación de patrimonio das administracións públicas. Para iso, adaptáronse ás particularidades propias da materia as normas que para o alleamento por concurso de bens patrimoniais se conteñen no Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

Atribuindo a Lei, no artigo 382.2, competencias plenas á Armada para a protección dos buques de Estado españois naufragados ou afundidos, o real decreto recolle tamén certas manifestacións da dita protección e regula o particular réxime ao cal neste caso se deben suxeitar as operacións de exploración, rastrexo, localización e extracción daqueles. Entre as medidas de protección, óptase por aplicar criterios propios do patrimonio cultural subacuático, tales como a conservación *in situ* e o respecto aos restos humanos, a todos os buques de Estado naufragados ou afundidos, tanto pola garantía de conservación que iso supón como pola incuestionable realidade de que o paso do tempo os irá transformando en patrimonio cultural subacuático. En canto á súa extracción, unicamente se prevé cando existan razóns históricas, culturais, de vulnerabilidade ou doutra índole que a fagan necesaria ou conveniente para a súa protección.

As citadas previsións serán igualmente aplicables a aqueles supostos en que os buques de Estado españois naufragados ou afundidos formen parte do patrimonio cultural subacuático. A particularidade destes supostos virá determinada porque, cando concorra esta circunstancia, a intervención administrativa da Armada en relación coas operacións de exploración, rastrexo, localización e extracción non será suficiente por si soa, e resultará precisa, ademais, a das autoridades competentes conforme a lexislación sobre patrimonio histórico e cultural.

Finalmente, na tramitación deste real decreto foi solicitado informe aos anteriores ministerios de Educación, Cultura e Deporte, de Facenda e Administracións Públicas, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao Ministerio de Fomento.

Con posterioridade, someteuse a trámite de audiencia e información pública, previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a través do portal web do Ministerio de Defensa, e solicitáronse novos informes aos antigos Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Por todo o anterior, este proxecto de real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto consta incluído no Plan anual normativo de 2018.

A disposición derradeira terceira, punto 1, do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, habilita o Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e Fomento, para modificar ou derrogar as disposicións contidas no título II da Lei 60/1962, do 24 de decembro, pola que se regulan os auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimas, en vigor en calidade de normas regulamentarias, por virtude, de forma sucesiva, do punto 2 da disposición derradeira segunda da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, da disposición derradeira terceira do seu texto refundido, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, e da disposición derogatoria única da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de febreiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de extraccións marítimas.*

Apróbase o Regulamento de extraccións marítimas, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público nin de cadro de persoal.*

As medidas incluídas neste regulamento non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Determinación das autoridades competentes.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Defensa para determinar a autoridade da Armada a que corresponda o exercicio das competencias que neste regulamento se atribúen ao almirante xefe do Estado Maior da Armada, cando sexa necesario como consecuencia de cambios na estrutura orgánica da Armada.

Disposición adicional terceira. *Mesas de licitación.*

Poderanse encomendar os labores da mesa de licitación a que se refire o artigo 21 deste regulamento a aqueles órganos permanentes da Armada que teñan atribuídas competencias para o alleamento de bens ou materiais, en que se integrarán os vogais a que se refire o punto 1 daquel precepto no caso de que non formen parte destes.

Disposición transitoria única. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes administrativos sobre extraccións marítimas que se atoparen en tramitación á entrada en vigor do presente real decreto seguirán rexéndose ata a súa completa terminación polas disposicións da Lei 60/1962, do 24 de decembro, que regula os auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimos, e do Decreto 984/1967, do 20 de abril, polo que se aproba o regulamento para aplicación da dita lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas:

a) O capítulo IV do título II da Lei 60/1962, do 24 de decembro, sobre auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimos.

b) O capítulo V do Decreto 984/1967, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento para aplicación da Lei 60/1962, do 24 de decembro, que regula os auxilios, salvamentos, remolques, achados e extraccións marítimos.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta norma apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149 da Constitución española, que no seu punto 1.20.^a atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre mariña mercante e no seu punto 1.4.^a atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse as persoas titulares do Ministerio de Defensa e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que, no ámbito das súas competencias, poidan ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática
CARMEN CALVO POYATO

REGULAMENTO DE EXTRACCIÓNS MARÍTIMAS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver o réxime das extraccións marítimas regulado no título VI, capítulo IV, sección 2.ª, da Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste real decreto aplicaranse:

a) Ás operacións de exploración, rastrexo e localización de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial español.

b) Ás operacións de extracción de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial español.

c) Ás operacións de extracción de buques e bens de propiedade do Estado, de acordo co previsto no artigo 374 da Lei de navegación marítima.

d) Ás operacións de extracción de bens de comercio prohibido ou restrinxido que se desenvolvan nos espazos marítimos español, de acordo co disposto nos artigos 381 e 383 da Lei de navegación marítima.

e) Ás operacións de exploración, rastrexo, localización e extracción de buques e embarcacións de Estado español naufragados ou afundidos.

2. As operacións previstas nas letras a) e b) do punto anterior que deban ter lugar dentro do dominio público portuario estatal rexeranse pola lexislación portuaria.

3. As normas sobre remoción de buques naufragados ou afundidos serán de aplicación preferente cando os restos dos buques constitúan un obstáculo ou perigo para a navegación ou o tráfico portuario.

4. Os restos de buques de guerra estranxeiros afundidos ou naufragados en espazos marítimos español rexeranse polo previsto no punto 3 do artigo 382 da Lei 14/2014, do 24 de xullo.

Os convenios que se subscriban por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación respecto dos buques de guerra estranxeiros afundidos ou naufragados en espazos marítimos español estarán encamiñados a establecer un marco de colaboración co Estado do pavillón que permita a contribución e participación das institucións españolas no estudo, investigación e protección da creba de que se trate.

Artigo 3. *Aeronaves de Estado.*

Todas as referencias que se fan neste real decreto aos buques e embarcacións de Estado naufragados ou afundidos entenderanse, así mesmo, feitas ás aeronaves de Estado que se atopan na dita situación.

Artigo 4. *Silencio administrativo.*

Nos procedementos regulados neste real decreto o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa terá efectos desestimatorios, de conformidade co previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CAPÍTULO II

Das operacións de exploración, rastrexo e localización de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial españois**Artigo 5. Competencia.**

Toda operación de exploración, rastrexo ou localización de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial españois requirirá autorización previa da Armada.

A Armada outorgará a autorización para tales operacións a quen acredite ser o propietario dos buques ou bens afundidos ou, noutros casos, discrecionalmente e sen carácter exclusivo.

Artigo 6. Solicitudes.

1. As solicitudes dirixiranse ao almirante xefe do Estado Maior da Armada e conterán, debidamente xustificadas documentalmente, os seguintes datos:

- a) Os datos de identificación da persoa física ou xurídica que formula a solicitude.
- b) Os datos de identificación da persoa física ou xurídica que vaia realizar os traballos.
- c) O buque ou os bens cuxa exploración, rastrexo ou localización se pretende.
- d) A situación dos dereitos de propiedade sobre estes, se constar, con particular referencia aos dereitos sobre o cargamento do buque, se constaren.
- e) A data e o lugar de afundimento deste, se constaren.
- f) A zona en que se pretende actuar.
- g) As datas en que se realizarán os traballos.
- h) Os buques con que se realizarán os traballos, xunto co consentimento previo por escrito do seu propietario ou armador para que os membros das dotacións da Armada ou das Forzas e Corpos de Seguranza poidan subir a bordo durante a realización dos traballos co fin de levar a cabo labores de inspección destes.
- i) Os medios técnicos que vaian utilizarse.

2. As solicitudes das persoas xurídicas deberán presentarse a través de medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. As solicitudes das persoas físicas poderán presentarse a través de calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Cando as solicitudes non sexan presentadas polo propietario dos buques ou bens naufragados ou afundidos, estas deberán ir acompañadas dun documento en que conste o consentimento expreso daquel para realizar tales traballos, salvo que se xustifique debidamente que a titularidade do buque ou do ben obxecto de exploración, rastrexo ou localización non conste.

Artigo 7. Autorizacións.

1. Con carácter previo á resolución que corresponda, o almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá dispoñer a práctica de cantas actuacións considere oportunas para a acreditación dos puntos contidos na solicitude.

2. A resolución mediante a que se concede ou denega a autorización notificaráselles ás persoas interesadas nun prazo máximo de dous meses, contado desde que a solicitude tivese entrada no rexistro da citada autoridade da Armada.

3. Contra as resolucións do almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá interpoñerse recurso de alzada perante a persoa titular do Ministerio de Defensa na forma e nos prazos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Co fin de facilitar as tarefas de inspección, nas autorizacións que se concedan deberán constar de forma expresa todos e cada un dos datos que, conforme o disposto no artigo anterior, debe conter o escrito de solicitude.

5. Das autorizacións concedidas darase conta á Delegación do Goberno, así como aos ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño.

6. Cando existan razóns debidamente xustificadas na resolución de concesión da autorización, a Armada poderá someter esta á condición de que os traballos correspondentes se desenvolvan coa presenza a bordo dun representante seu ou de calquera outro sector da Administración pública con interese na localización dos restos de que se trate.

Artigo 8. *Execución.*

1. Os que resulten autorizados darán conta do inicio dos traballos e de cantas incidencias se produzan ao longo das operacións á autoridade da Armada que designe o almirante xefe do Estado Maior da Armada na resolución de autorización.

2. Durante a execución dos traballos deberán facilitarse os labores de vixilancia e inspección, incluso a bordo, por parte da Armada, coa presenza a bordo dun representante seu ou de calquera outro sector da Administración pública con interese na localización dos restos de que se trate.

3. Á finalización dos traballos deberá renderse un informe dirixido ao almirante xefe do Estado Maior da Armada e presentado perante a autoridade supervisora, en que se expresen as concretas operacións levadas a cabo, as zonas en que tiveron lugar e os resultados destas.

CAPÍTULO III

Das operacións de extracción de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial españois

Artigo 9. *Réxime xurídico.*

Mentres non se produza a prescrición a favor do Estado prevista no artigo 374.1 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, a extracción de buques e bens naufragados ou afundidos nas augas interiores marítimas ou no mar territorial españois realizarase mediante autorización concedida aos seus propietarios ou aos terceiros con quen aqueles concertasen un contrato de calquera clase válido en dereito.

Artigo 10. *Solicitudes.*

1. As solicitudes dirixiranse ao almirante xefe do Estado Maior da Armada e conterán, debidamente xustificadas documentalmente, os seguintes datos:

- a) Os datos de identificación da persoa física ou xurídica que formula a solicitude.
- b) Os datos de identificación da persoa física ou xurídica que vaia realizar os traballos.
- c) O buque ou os bens cuxa extracción se pretende.
- d) A data e o lugar de afundimento, se constaren.
- e) A documentación que acredite os dereitos de propiedade sobre o buque, con particular referencia aos dereitos sobre o cargamento do buque, se constaren, cuxa extracción se pretende e, se é o caso, os contratos dos cales derive o dereito do solicitante da extracción.
- f) Un proxecto de extracción.
- g) Un estudo económico-financeiro.
- h) O consentimento previo por escrito do propietario ou armador dos buques que vaian ser utilizados para a extracción para que os membros das dotacións da Armada, ou

de calquera outro sector da Administración pública con interese na extracción dos restos de que se trate, poidan subir a bordo durante a realización dos traballos, co fin de levar a cabo labores de inspección destes.

2. As solicitudes das persoas xurídicas deberán presentarse a través de medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. As solicitudes das persoas físicas poderán presentarse a través de calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 11. *Proxecto de extracción.*

O proxecto de extracción, que deberá estar suscrito por un técnico competente, conterá os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa e descritiva da extracción, con xustificación da súa viabilidade técnica, en que se incluíra a situación e contido dos restos, o sistema de execución e os medios técnicos que requirirá a extracción, o grao de ocupación do dominio público marítimo-terrestre que poida ser necesario, o programa de execución dos traballos, o destino que vaia darse aos restos extraídos e cantos outros datos sexan relevantes para decidir sobre a autorización.

b) Información cartográfica sobre a situación dos restos e, se está dispoñible, fotográfica deles, así como os planos da ocupación do dominio público marítimo-terrestre que sexa necesario realizar durante a execución dos traballos.

c) Medidas que deberán adoptarse para o restablecemento das afeccións que poidan producirse respecto do dominio público marítimo-terrestre.

d) Determinación da posible afección ao medio mariño e, en particular, aos espazos da Rede Natura 2000 ou calquera outro dotado de figuras de protección ambiental, de conformidade co previsto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e na Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño. En todo caso, o proxecto incluíra o necesario estudo bionómico referido ao ámbito da actuación prevista, ademais dunha franxa do contorno deste de cando menos 500 metros de largo, así como a identificación dos riscos que os restos e a súa extracción poden representar para a contaminación do medio mariño e as medidas correctoras que se van adoptar conforme a lexislación vixente para a súa salvagarda.

e) Para o caso concreto de proxectos de extracción que requiran, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, no seu leito ou no seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias ou outras substancias sobre o fondo mariño ou o seu subsolo, así como as verteduras, o proxecto deberá incluír unha avaliación do fondo mariño onde se pretenda realizar a actuación, así como dos efectos que esta poida causar no medio mariño e nas actividades humanas no mar.

f) Orzamento coa valoración das unidades de obra e partidas máis significativas.

Artigo 12. *Estudo económico-financeiro.*

O estudo económico-financeiro exporá as previsións sobre a viabilidade económica da extracción e conterá:

a) Relación de gastos previstos, incluídos os de persoal, medios técnicos que se van empregar, consumos enerxéticos, medidas correctoras, canons e tributos que hai que satisfacer e outros necesarios para a extracción como os financeiros, de seguros e de arrendamentos de buques e plataformas.

b) Relación de ingresos estimados, coa previsión dos materiais e restos que se poderán extraer e a súa valoración, incluído o método de valoración empregado.

c) Avaliación da rendibilidade neta, antes de impostos.

Artigo 13. *Instrución do procedemento.*

1. Iniciado o procedemento, o instrutor designado polo almirante xefe do Estado Maior da Armada levará a cabo un trámite de información pública mediante anuncios

publicados nas capitanías marítimas correspondentes á matrícula do buque e ao lugar do accidente e no «Boletín Oficial del Estado», e dará conta do inicio do expediente de extracción co fin de que, no prazo dun mes, poida comparecer en forma e formular alegacións tanto quen se considere con algún dereito sobre o que se pretende extraer como quen presente calquera interese lexítimo sobre a extracción en si mesma, e achegarán en ambos os casos a documentación que acredite os seus dereitos ou intereses.

2. Recadaranse, así mesmo, cantos informes se consideren precisos para a resolución do procedemento de extracción. En todo caso, deberán solicitarse e terán carácter vinculante os informes dos ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño. Estes informes deberán terse emitido nun prazo de dez días, conforme o artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; no entanto, o prazo máximo para resolver, ao tratarse de informes preceptivos, poderase suspender polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe. Este prazo de suspensión non poderá exceder tres meses, de acordo co establecido no artigo 22.1.d) desa mesma lei. De non se recibiren os informes no prazo de tres meses, poderanse proseguir as actuacións.

3. Igualmente, o almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá valorar a conveniencia de que unidades da Armada realicen un estudo previo sobre a situación dos restos, a viabilidade técnica da extracción e os riscos que esta poida comportar. Así mesmo, poderá solicitar do órgano da Armada competente na materia un informe sobre a rendibilidade prevista no estudo económico-financeiro do proxecto.

Artigo 14. *Resolución.*

1. Concluídos os trámites de información pública e informes e dado trámite de audiencia dos interesados no procedemento, o instrutor elevará o expediente ao almirante xefe do Estado Maior da Armada coa súa proposta de resolución.

2. O almirante xefe do Estado Maior da Armada ditará resolución e notificaraa no prazo máximo de dous meses contado desde que a solicitude tivese entrada no seu rexistro. A resolución será motivada autorizando ou denegando a extracción. No primeiro caso, fixará as condicións e prazos en que deben realizarse os traballos, a cuxa conclusión volverá correr o prazo de prescrición a favor do Estado segundo o previsto no artigo 375 da Lei 14/2014, do 24 de xullo.

3. Contra as resolucións do almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá interpoñerse recurso de alzada ante o almirante xefe de Estado Maior da Armada na forma e nos prazos sinalados nas normas reguladoras do procedemento administrativo común.

4. As solicitudes poderán ser denegadas cando non se acrediten en debida forma os dereitos de propiedade, cando non se acredite a relación contractual co propietario, se é o caso, cando exista un risco elevado de contaminación ou de producir outro tipo de dano ao medio mariño que non fose adecuadamente previsto no proxecto básico, ou cando exista un interese público para a denegación atendendo ás circunstancias en que se produciu o afundimento ou naufraxio, especialmente respecto da perda de vidas humanas.

5. As autorizacións que se concedan poñeranse en coñecemento da delegación do Goberno, así como dos ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño.

Artigo 15. *Execución.*

1. Os que resulten autorizados darán conta do inicio dos traballos e de cantas incidencias se produzan durante as operacións á autoridade da Armada que designe o almirante xefe do Estado Maior da Armada na resolución de autorización.

2. Durante a execución dos traballos deberán facilitarse os labores de vixilancia e inspección, incluso a bordo, por parte da Armada, coa presenza a bordo dun representante seu, ou de calquera outro sector da Administración pública con interese na extracción dos restos de que se trate.

3. De non iniciarse ou finalizarse a extracción nos prazos fixados na autorización por causas imputables ao interesado, esta quedará extinguida e volverá correr, en todo caso, o prazo de prescrición establecido no artigo 374 da Lei 14/2014, do 24 de xullo.

CAPÍTULO IV

Das operacións de extracción de buques e bens de propiedade do Estado

Artigo 16. *Expediente previo.*

1. A extracción dos buques ou bens naufragados ou afundidos cuxa propiedade prescribise en favor do Estado de acordo co disposto no artigo 374 da Lei 14/2014, do 24 de xullo, requirirá a instrución previa dun expediente, o cal poderá ser iniciado de oficio polo almirante xefe do Estado Maior da Armada, sexa por propia iniciativa, por orde superior ou por petición razoada doutros órganos ou por solicitude de parte interesada na extracción daqueles.

2. As primeiras actuacións serán as tendentes a acreditar a data do naufraxio ou afundimento, as características dos bens que se vaian extraer, o nome e matrícula ou rexistro no caso de buques, así como se subsisten dereitos dos propietarios ou concesionarios dunha extracción anterior.

Para estes efectos, o instrutor designado polo almirante xefe do Estado Maior da Armada dirixirase ás capitanías marítimas correspondentes ao lugar do accidente e ao de matrícula do buque, así como ao Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e ao Rexistro de Bens Mobles (Sección de Buques).

3. Practicarse un trámite de información pública mediante anuncios publicados no «Boletín Oficial del Estado» e noutros lugares en que se considere conveniente para maior publicidade; neles darase conta do inicio do expediente de extracción co fin de que, no prazo dun mes, poida comparecer en forma e formular alegacións tanto quen se considere con algún dereito sobre o que se pretende extraer como quen presente calquera interese lexítimo sobre a extracción en si mesma, achegando en ambos os casos a documentación que acredite os seus dereitos ou intereses.

4. Recadaranse, así mesmo, cantos informes se consideren precisos para resolver tanto respecto da necesidade ou conveniencia de levar a cabo a extracción como de que esta sexa realizada directamente polo Estado. En todo caso, deberán solicitarse, e terán carácter vinculante, os informes da autoridade portuaria e dos ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño. Estes informes deberán terse emitido nun prazo de dez días, conforme o artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro; no entanto, o prazo máximo para resolver, ao tratarse de informes preceptivos, poderase suspender polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe. Este prazo de suspensión non poderá exceder tres meses, de acordo co establecido no artigo 22.1.d) desa mesma lei. Se non se recibisen os informes no prazo de tres meses, poderanse proseguir as actuacións.

5. Igualmente, o almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá valorar a conveniencia de que unidades da Armada realicen un estudo previo sobre a situación dos restos, a viabilidade técnica da extracción e os riscos que esta poida comportar.

6. Concluída a instrución e practicado, se é o caso, o trámite de audiencia aos interesados, o instrutor formulará, no prazo de dez días, proposta de resolución en que se pronunciará respecto da necesidade ou conveniencia de levar a cabo a extracción e, se é o caso, sobre a conveniencia de que aquela sexa realizada polo Estado, por existir un interese público no aproveitamento directo dos restos extraídos, ou se, polo contrario, resulta preferible a adxudicación da extracción e dos restos extraídos mediante concurso, de acordo coa lexislación de patrimonio das administracións públicas. O almirante xefe do Estado Maior da Armada ditará resolución no prazo máximo de dous meses desde a data do acordo de iniciación. A falta de resolución expresa terá os efectos do artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. No caso de que a orixe da extracción sexa por solicitude dunha parte interesada, o almirante xefe do Estado Maior da Armada ditará a resolución pola que se determinará sobre a necesidade ou conveniencia de levar a cabo a extracción e notificaralla á parte interesada no prazo de dez días desde que recibise a proposta de resolución do instrutor nomeado para tal efecto e sen exceder o prazo de dous meses desde a data en que a solicitude tivo entrada no rexistro daquela autoridade. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada nos mesmos termos establecidos no artigo 14.3 desta disposición. Trascorrido o prazo máximo sen terse notificado resolución expresa, o silencio terá efecto desestimatorio, de acordo co establecido no artigo 24.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 17. *Adxudicación da extracción mediante concurso.*

1. Cando por non convir ao Estado a extracción ou aproveitamento directo dos buques ou bens naufragados ou afundidos se resolva concedela mediante concurso, esta decisión levará implícita a declaración de alleabilidade do buque ou bens a que se refira ou, se é o caso, a declaración do aproveitamento directo dos buques ou bens.

2. O concurso desenvolverase de acordo coa lexislación de patrimonio das administracións públicas.

Artigo 18. *Prego de condicións.*

1. Acordada a convocatoria do concurso, unirase ao expediente un prego de condicións del que deberá conter, cando menos, os seguintes puntos:

a) Descrición física e xurídica do buque ou bens obxecto de extracción, con inclusión dos datos rexistrados, con expresa mención de cargas e gravames, se os tiver, ou da súa natureza litixiosa.

b) Taxación inicial do buque ou bens obxecto de extracción, que determinará o tipo de licitación.

c) Modo de presentación de ofertas e forma en que se desenvolverá a licitación.

d) Modo de constitución da garantía e de pagamento do prezo.

e) Criterios para a admisión de licitadores e para a adxudicación do concurso e a súa ponderación.

f) Garantías que se deben constituír para o adecuado cumprimento das obrigas e formas ou modalidades que poidan adoptar.

g) Dereitos e obrigas específicas das partes.

h) Causas especiais de resolución do negocio.

i) Documentación preceptiva e modo de presentación.

2. O prego de condicións do concurso someterase a informe da correspondente Asesoría Xurídica da Armada.

Artigo 19. *Convocatoria pública.*

1. Unha vez aprobado o prego de condicións que deban rexer o concurso da extracción, procederase á convocatoria deste por medio da publicación do anuncio correspondente no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de utilizar cantos outros medios se consideren convenientes para dar maior publicidade a esta.

2. Na convocatoria recollerase:

a) O lugar, o día e a hora de celebración do acto público de apertura de ofertas.

b) O obxecto do concurso.

c) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións e á documentación do expediente.

d) Prazo durante o cal os interesados poderán presentar as ofertas e a documentación correspondente, o rexistro ante o cal poderá presentarse e as cautelas que deberán observarse se a presentación se realizar por correo certificado.

Artigo 20. *Presentación de documentación.*

Cada oferente poderá presentar unha única proposición, que se axustará ás especificacións contidas no prego de condicións; esta documentación deberá presentarse en dous sobres cerrados. O primeiro deles conterá a documentación acreditativa da personalidade, capacidade e representación, se é o caso, do licitador, e a que acredite a súa solvencia, así como a declaración responsable de non estar incurso na prohibición recollida no artigo 95.2 do Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e de non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable, e o documento acreditativo da constitución da garantía.

No segundo sobre incluírase a proposición do licitador, que abranguerá a totalidade dos aspectos do concurso, incluído o prezo ofertado. Neste segundo sobre deberán incluírse o proxecto e o estudo económico-financeiro da extracción, elaborados conforme o que se establece nos artigos 11 e 12 deste real decreto.

Artigo 21. *Mesa de licitación.*

1. Dentro dos cinco días hábiles seguintes á conclusión do prazo fixado para a presentación de proposicións constituirase a mesa de licitación, que estará formada por un presidente, un vogal secretario e un asesor xurídico, todos eles designados polo almirante xefe do Estado Maior da Armada Marítima entre persoal baixo a súa dependencia, así como por un vogal técnico e un interventor, designados por petición do almirante xefe do Estado Maior da Armada polas autoridades do Ministerio de Defensa que en cada caso correspondan.

2. A mesa examinará a documentación recollida no primeiro sobre e, se apreciar a existencia de erros emendables, notificarállelo aos interesados para que nun prazo máximo de cinco días procedan á dita emenda. Transcorrido este prazo, a mesa determinará que licitantes se axustan aos criterios de selección sinalados no prego.

Artigo 22. *Apertura de sobres.*

1. No lugar e hora sinalados no anuncio e en acto público, procederase á lectura da lista de licitantes admitidos e realizarase a apertura dos sobres que conteñan as proposicións económicas e técnicas do concurso; poderán rexeitarse no momento aquelas que se aparten substancialmente do proxecto básico ou comporten erro manifesto.

No prazo máximo dun mes contado desde a celebración do dito acto, a mesa analizará as propostas atendendo aos criterios fixados no prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do concurso.

Determinada pola mesa a proposición máis vantaxosa, levantarase acta e elevarase a correspondente proposta de adxudicación ao almirante xefe do Estado Maior da Armada, sen que a referida proposta cree ningún dereito a favor do adxudicatario proposto.

2. Da resolución ditada polo almirante xefe do Estado Maior da Armada, pola que se conceda a extracción, darase coñecemento á delegación do Goberno, aos correspondentes ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño e, se é o caso, á autoridade portuaria competente.

Artigo 23. *Forma das proposicións económicas.*

A proposición económica poderá realizarse por un tanto global ou polo procedemento de reserva a favor do Estado dun tanto por cento do valor final do extraído.

Artigo 24. *Criterios de adxudicación.*

A adxudicación realizarase á oferta máis vantaxosa no seu conxunto, valorando especialmente os aspectos técnicos desta e a previsión que se realice dos riscos de

contaminación que a extracción pode supoñer e as medidas que se propoñan para a salvagarda do medio mariño.

Artigo 25. *Garantía e pagamento do prezo.*

1. Para optar á concesión da extracción os interesados deberán constituír unha garantía equivalente ao dez por cento do tipo de licitación, na forma e lugar que se sinalen, o que, en ningún caso, outorgará ningún dereito a aquela. O dito depósito devolverase a aqueles que non resulten finalmente adxudicatarios. A garantía constituirase perante a Caixa Xeral de Depósitos nos termos previstos no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

2. A resolución pola que se acorde conceder a extracción notificaráselles a todos os licitadores admitidos á licitación, que, no caso de teren feita a súa proposición económica polo procedemento de tanto global, deberán completar o pagamento do prezo no prazo dun mes desde a sinatura do contrato de concesión da extracción, ben que o dito prazo poderá modificarse motivadamente. Ao dito pagamento aplicaráselle a cantidade xa entregada para a constitución da garantía.

No caso de que a proposición económica de quen resulte adxudicatario se fixese polo procedemento de reserva a favor do Estado dun tanto por cento do valor do extraído, os efectos extraídos deberán quedar depositados no lugar que se designe sometidos á inspección da Armada e non poderá dispoñer deles libremente o extractor ata que, valorado oficialmente o extraído e aboado o tanto por cento que corresponda ao Estado, se considere liquidado o contrato. Non obstante, o almirante xefe do Estado Maior da Armada poderá autorizar entregas parciais cando estas sexan valoradas e se deposite o tanto por cento correspondente ao seu valor á conta da liquidación definitiva.

3. Se o adxudicatario renunciar á concesión da extracción, ou non atender as obrigas que lle corresponden, ou non formalizar o contrato por causas que lle sexan imputables, perderá o depósito constituído en concepto de garantía, sen menoscabo da indemnización polos danos e perdas ocasionados.

En ambos os casos poderá procederse ben á adxudicación á segunda oferta máis vantaxosa ben á declaración motivada do concurso como deserto.

Artigo 26. *Sinatura do contrato.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da notificación da adxudicación do concurso procederase á sinatura do contrato de concesión da extracción, cuxas cláusulas deberán someterse a informe previo da Asesoría Xurídica.

O contrato subscribirano o concesionario da extracción e o almirante xefe do Estado Maior da Armada ou a autoridade subordinada en que delegue a súa sinatura.

2. O contrato fixará, de acordo coas condicións establecidas no prego e na resolución de concesión da extracción, o prazo para realizala, a posibilidade de prórroga deste, a entrega da cantidade a tanto global ou do tanto por cento do valor do extraído e o resto de condicións da extracción; poderán sinalarse estas por referencia á documentación técnica presentada polo adxudicatario.

Artigo 27. *Execución.*

O concesionario da extracción deberá realizar os traballos nos prazos fixados, dando conta do seu inicio á autoridade da Armada que se designe no contrato, a que, como responsable de supervisar o desenvolvemento daqueles, deberá manterse informada de cantas incidencias se produzan ao longo das operacións.

Artigo 28. *Inspección.*

1. Durante a execución dos traballos, o concesionario deberá facilitar a vixilancia e inspección destes incluso a bordo, por parte da Armada, coa presenza a bordo dun

representante seu, ou de calquera outro sector da Administración pública con interese na extracción dos restos de que se trate.

2. As autoridades da Armada responsables da supervisión dos traballos deberán inspeccionar a execución destes e o cumprimento das condicións fixadas no contrato, para o cal recibirán unha copia dos documentos necesarios, e poderán propor e, en caso de urxencia, ordenar a suspensión das operacións de extracción cando advirtan algunha anomalía, dando conta inmediata ao almirante xefe do Estado Maior da Armada para adopción das medidas necesarias para corrixila, ou a resolución definitiva do contrato, se for procedente.

Artigo 29. *Resolución do contrato.*

A non iniciación dentro do prazo previsto, a suspensión non autorizada das operacións de extracción ou o incumprimento das condicións exixidas no contrato de concesión serán causas de resolución deste.

A resolución do contrato será acordada polo almirante xefe do Estado Maior da Armada logo de informe da súa Asesoría Xurídica.

Da resolución do contrato daráselles conta aos órganos a que se comunicou a concesión da extracción.

CAPÍTULO V

Das operacións de extracción de armas, municións, explosivos ou outro material militar que poida afectar a defensa nacional, así como de obxectos pertencentes ao patrimonio cultural subacuático e demais bens de comercio prohibido ou restrinxido

Artigo 30. *Réxime xurídico.*

1. Ademais de ao réxime que, en atención á súa titularidade particular ou estatal, lles sexa aplicable conforme as disposicións deste real decreto, a extracción de armas, municións, explosivos ou outro material militar que poida afectar a defensa nacional, así como de obxectos pertencentes ao patrimonio cultural subacuático e demais bens de comercio prohibido ou restrinxido quedará, así mesmo, suxeita ás normas especiais que en cada caso resulten de aplicación.

2. Rexeranse polas normas reguladoras da contratación do sector público os contratos que a Armada deba celebrar con persoas físicas ou xurídicas privadas para a extracción de tales bens. Nestes casos, no expediente de contratación deberán recadarse os informes dos ministerios competentes nas materias de mariña mercante e de costas e medio mariño e, se é o caso, da autoridade portuaria competente.

CAPÍTULO VI

Das operacións de exploración, rastrexo, localización e extracción de buques e embarcacións de Estado españois naufragados ou afundidos

Artigo 31. *Deber de respecto.*

1. Os restos dos buques e embarcacións de Estado españois naufragados ou afundidos que constitúan lugares de enterramento permanente das súas dotacións deberán ser respectados como tales, evitando perturbar innecesariamente os restos humanos e sitios venerados.

2. Para facer efectivo tal deber de respecto, a conservación *in situ* será o criterio prioritario para a protección dos restos e só poderá procederse á súa extracción cando, ademais das situacións en que sexa necesaria para a seguranza da navegación, existan razóns históricas, culturais, de vulnerabilidade ou doutra índole que a fagan necesaria ou conveniente.

Artigo 32. Protección.

1. A Armada fomentará a protección dos restos de tales buques mediante accións que conduzan á súa localización, identificación, estudo, catalogación, vixilancia e control.

Para tales fins, o Ministerio de Defensa promoverá a subscripción de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou con institucións públicas ou privadas.

2. Cando sexa necesario para a súa protección, os datos de situación e os catálogos de contidos dos restos de tales buques poderán ser clasificados de acordo coas normas sobre segredos oficiais ou coas propias do Ministerio de Defensa en materia de seguranza da información.

3. Fomentaranse as accións que poidan conducir á sinatura de acordos bilaterais con Estados en cuxos espazos marítimos haxa constancia de que existen restos de buques de Estado españois naufragados ou afundidos, mediante os que se localicen, identifiquen, estuden e protexan estes.

Artigo 33. Remoción de buques de Estado naufragados ou afundidos.

A autoridade da Administración Marítima ou Portuaria que acorde a aplicación da normativa de remoción a restos de buques de Estado deberá notificarlo á Armada con carácter previo ao inicio dos traballos de remoción, co fin de que se poidan adoptar as medidas necesarias para a conservación dos restos que sexan de interese.

Artigo 34. Exploración, rastrexo e localización.

As operacións de exploración, rastrexo e localización de buques de Estado españois naufragados ou afundidos, calquera que sexa o lugar en que se encontren, requirirán autorización da Armada, que se concederá de conformidade coas normas contidas no capítulo II deste real decreto.

Toda persoa que localice restos de tales buques deberá poñelo en coñecemento da autoridade da Armada máis próxima ao seu lugar de arribada co fin de que se adopten sobre eles as medidas de protección, estudo, catalogación e conservación que sexan necesarias.

Artigo 35. Extracción.

A Armada poderá proceder á extracción de buques de Estado naufragados ou afundidos cando se dean as razóns a que se refire o punto 2 do artigo 31 deste real decreto e non exista outra alternativa para a súa protección e defensa.

A Armada poderá realizar a extracción polos seus propios medios ou a través dun contrato de servizos, que se rexerá polo previsto na lexislación de contratos do sector público. Tamén se poderán celebrar convenios con entidades públicas e privadas que teñan por finalidade a colaboración das partes na extracción.

Todos os traballos de extracción de tales buques serán realizados baixo a dirección ou supervisión da Armada.

Artigo 36. Buques e embarcacións de Estado que formen parte do patrimonio cultural subacuático.

1. As operacións de exploración, rastrexo, localización e estudo de buques e embarcacións de Estado españois naufragados ou afundidos, os seus restos e os dos seus equipos e carga, que formen parte do patrimonio cultural subacuático, só poderán ser autorizados pola Armada unha vez que previamente se obtivese a correspondente autorización da autoridade competente, de conformidade co disposto na lexislación sobre patrimonio histórico e cultural.

2. A Armada poderá realizar a extracción dos bens a que se refire o punto anterior con medios propios ou a través dun contrato de servizos, que se rexerá polo previsto na lexislación de contratos do sector público. Tamén se poderán celebrar convenios con

entidades públicas e privadas que teñan por finalidade a colaboración das partes na extracción. Para a dita extracción a Armada deberá contar con autorización previa da autoridade que, conforme a lexislación sobre patrimonio histórico e cultural, resulte competente na materia e coordinarse con ela, tanto no que se refire ás condicións a que deberán suxeitarse as operacións como en canto ao destino que deba darse ao extraído, atendendo, en todo momento, ao establecido na Convención sobre a protección do patrimonio cultural subacuático de 2001.

3. Cando se trate de achados casuais, o descubridor deberá comunicarllo inmediatamente á Armada.